

**ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO
LOCAL DO 30 DE MARZO DE 2004.**

- 1.- Acta da sesión ordinaria do 15 de marzo de 2004.

ALCALDÍA

- 2.- Proposta de encomendación de funcións ó xefe do servizo de electromecánicos.

BENESTAR SOCIAL

- 3.- Prestación do Servizo de Axuda no Fogar: alta exptes. 41/410, 11/000, 11/30642 e 11/8454.

EMPREGO

- 4.- Proxectos de obras e servizos para presentar á convocatoria de Programas de Cooperación da Xunta de Galicia-2004. Expte. 2249/077.
- 5.- Proxectos de obras e servizos para presentar á convocatoria do Programa Labora da Xunta de Galicia-2004. Expte. 2248/077.

MULLER

- 6.- Proxecto de convenio de colaboración entre a Vocalía da Muller da Federación Veciñal Eduardo Chao e o Concello de Vigo para o mantemento do “Punto Informa”. Expte. 1626/224.

PARTICIPACIÓN CIDADADA

- 7.- Proposta de concesión de autorización para uso e goce dos espazos valeiros de uso privativo no “Viveiro de Asociacións” do Centro Cívico do Casco Vello (2º concurso). Expte.1930/320.

PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

- 8.- Reclamación de danos:
a) D. Clemente López Vila. Estimada por resolución de rec. reposición. Expte. 13994/240.
b) Dª Isabel Pereira Nieto. Estimada. Expte. 15104/240.
- 9.- Devolución de fianza a HPC Ibérica S.A. constituída para responder pola subministración de xogos para parques infantís. Expte. 87/241.
- 10.- Solicitude de Dª Mª de los Angeles Salgado Pérez de desafectación dunha finca sita en Lavadores por estar afectada polo trazado viario previsto no PXOM. Desestimada. Expte. 16670/240.
- 11.- Solicitude de D. Clemente Gómez González e outros de descatalogación dun tramo interior da rúa José Antela Conde. Desestimada. Expte. 15976/240.
- 12.- Solicitude da Asociación de Padres de Alumnos do Colexio Rosalía de Castro de descatalogación do cño. Loureiro R-2-1. Desestimada. Expte. 16694/240.

- 13.- Proposta de corrección de erro material en grafía existente no plano de viais do Inventario Municipal de Bens e Dereitos en relación co Camiño Vello (Lavadores). Expte. 15827/240.
- 14.- Expediente de contratación da edición de material promocional da Concellería de Turismo do Concello de Vigo. Expte. 1403/104.

PERSOAL

- 15.- Gratificación por domingos, festivos e nocturnidade do persoal municipal correspondentes ó mes de febreiro de 2004. Expte. 14900/220.
- 16.- Gratificación por servicios especiais e extraordinarios do persoal da Policía Local con motivo da recepción á Ministra de Sanidade. Expte. 14906/220.
- 17.- Gratificación por servicios especiais e extraordinarios por exceso de xornada anual do persoal de Cemiterios correspondente ó mes de febreiro de 2004. Expte. 14903/220.
- 18.- Complemento de produtividade do 1º, 2º, 3º e 4º trimestre do persoal de Vías e Obras por conducir un vehículo lixeiro municipal sen ser oficiais. Expte. 14901/220.
- 19.- Complemento de produtividade do persoal do Parque Móbil correspondente ó mes de febreiro de 2004. Expte. 14902/220.
- 20.- Complemento de produtividade do persoal de Cemiterios correspondente ó mes de febreiro de 2004. Expte. 14904/220.
- 21.- Complemento de produtividade do persoal do servizo de Desinfección correspondente ó mes de febreiro de 2004. Expte. 14905/220.
- 22.- Bases e distribución do presuposto do Fondo Social para o ano 2004. Expte. 14814/220.
- 23.- Encomenda de funcións provisoria a favor de D. Avelino San Luis Costas para substitución do xefe de cultura durante os períodos de baixa laboral e ausencias deste último. Expte. 14964/220.

TURISMO

- 24 Proposta de autorización para a promoción da Concellería de Turismo mediante a Ruta por 13 cidades de España e Portugal con bus promocional. Expte.1408/104.
- 25.- Proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a empresa Trabajos Aéreos Tempus Air S.L. para a presentación do servizo de vós turísticos sobre a cidade. Expte. 1410/104.

URBANISMO

- 26.- Proposta de designación de representante do Concello de Vigo nas Xuntas de Compensación.
- 27.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na súa Sala o día 30 de marzo de 2004, quince minutos despois do remate da sesión plenaria convocada para o mesmo día, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. membros da Xunta de Goberno Local para a súa concurrencia puntual ó acto; notifíquese así mesmo á interventora xeral do Concello e ó titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local ós voceiros dos grupos políticos da Corporación, e fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

me.

Vigo, 25 de marzo do 2004.

A ALCALDESA

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Corina Porro Martínez

Lucia Molares Pérez.